

O Tribunal das probas selectivas para o acceso á escala de auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, convocadas por Resolución Reitoral do 24 de novembro de 2021, na súa reunión do 27 de xullo de 2022, adoptou os seguintes acordos:

1. Aceptar as impugnacións ás seguintes preguntas do 2º exercicio: 19, 79 e 105. En consecuencia, avaliaranse as respostas de reserva 121, 122 e 123. Desestimar as impugnacións recibidas a outras preguntas; nestes casos o Tribunal responderá individualmente coa motivación correspondente.
2. Publicar a relación de aspirantes que superaron o segundo exercicio do proceso selectivo coa expresión da cualificación obtida: como ANEXO I, a relación de aspirantes da quenda xeral; e como ANEXO II, a relación de aspirantes da cota de reserva para persoas con discapacidade.

Consonte coa base 7.3 da Convocatoria as persoas aspirantes poderán presentar reclamacións ás puntuacións no prazo de sete (7) días hábiles contados a partir do día seguinte o da presente publicación. De acordo coa convocatoria o mes de agosto considérase inhábil.

3. Convocar ás persoas aspirantes que superaron o segundo exercicio á realización do terceiro exercicio o sábado 22 de outubro, ás 9:30 h na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (Avda. do Burgo das Nacións s/n).

A presidenta do Tribunal

Marie-Pierre Bouyssou Poincheval